



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2010.

### **ALCALDE:**

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

### **CONCELLEIRO/AS:**

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

### **SECRETARIO :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 11 de xuño de 2010, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. ACEPTACIÓN DAS OBRAS A INCLUÍR NO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (PDRS 2009). ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da proposta que o seu teor literal di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO DE ACEPTACIÓN DAS OBRAS A INCLUÍR NO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (PDRS 2009)**

*D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), vista a proposta da Consellería de Medio Rural en relación co asunto de referencia, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*O Concello de Mesía ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (PDRS 2009) consistentes en A Carballa – O Carballal, A Igrexa – A Castiñeira, A Tieira Pequena – Raiña, Acceso a Alfósín,*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Acceso a Igrexa, Acceso a Outeiro, Acceso a Reirís, Acceso a Tieira Grande, Acceso ó Beledo e Novás – Cruce de Mou, cun importe aproximado de 196.428,83 €.*

*Tendo en conta o previsto no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, que regula as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, e de conformidade co artigo 72.1. do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello de 20 de setembro de 2005 relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).*

*O Pleno do Concello de Mesía manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación, mediante a adopción dos seguintes compromisos:*

**Primeiro.-** *Poñer a disposición da Consellería do Medio Rural, libre de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.*

**Segundo.-** *Renunciar a reter da achega municipal calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.*

**Terceiro.-** *Continuar asumindo, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.*

**Cuarto.-** *Facultar ó Sr. Alcalde - Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.*

**Quinto.-** *Non someter as obras a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:*

- a) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execucións.*
- b) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.*

**Sexto.-** *Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.*

**Sétimo.-** *Acreditar, antes da adxudicación definitiva das obras e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, a efectiva dispoñibilidade dos terreos.*

*Mesía, 7 de xuño de 2010. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma de seguido a palabra o Sr. Alcalde manifestando que, tal e como se di na proposta, trátase de aceptar a execución dunhas obras que van ser contratadas, executadas e costeadas integramente pola consellería de Medio Rural. A finais de novembro do ano pasado puxéronse en contacto con nós e propuxemos unha serie de actuacións, se ben non todas foron tidas en conta. En total son obras en dez camiños, en nove parroquias, cun custo aproximado de 196.428,83 euros, que comezarán a executarse a finais do presente ano ou comezos do vindeiro.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## 2. REDUCCIÓN SALARIAL CARGOS ADICACIÓN EXCLUSIVA

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da proposta que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO DE REDUCCIÓN SALARIAL CARGOS ADICACIÓN EXCLUSIVA.*

*D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, ao abeiro do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, expón:*

*Vista a promulgación do Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.*

*Vista a proposta da Comisión Executiva da FEMP, de data 25 de maio, en relación á redución de salarios dos cargos electos e altos cargos locais, na que se recomenda a todos os concellos a aplicación da medida de redución dos salarios de Alcaldes/as, Presidentes/as, Concelleiros/as, Deputados/as, e Conselleiros/as, así como Altos Cargos dos Governos Locais, establecéndose uns criterios orientativos por tramos salariais.*

*Polo exposto propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Reducir o salario da Alcaldía nun 6 % e o da Concelleira de Cultura nun 5 %, porcentaxes resultantes de aplicar ós vixentes salarios a táboa establecida no Anexo do citado Acordo da FEMP, e do que resultan as seguintes retribucións anuais:*

<b>CARGO</b>	<b>SALARIO ANUAL TOTAL</b>	<b>REXIME</b>
<i>Alcalde Presidente</i>	<i>36.299,28</i>	<i>Exclusiva</i>
<i>Concelleira Delegada</i>	<i>21.777,23</i>	<i>Exclusiva</i>



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*SEGUNDO: Ditas reducións faranse efectivas na nómina do mes de xuño e os salarios quedarán conxelados para o ano 2011.*

*En Mesía, a 8 de xuño de 2010. O Alcalde, Asdo. /Mariano Iglesias Castro”*

Toma a palabra o Sr. Alcalde, sinalando que a FEGAMP achegounos un acordo adoptado pola FEMP no que, en consonancia coa coxuntura económica e o esforzo que se está a facer no sector público, que vai supoñer unha redución de salarios para os empregados públicos, propónse unha redución dos salarios dos cargos públicos segundo unha táboa establecida por tramos salariais, e da que resultan as cantidades sinaladas na proposta. O aforro que se vai xerar coa redución salarial dos cargo selectos vai ser duns tres mil e pico euros por ano, e en canto ó aforro que se vai xerar cos empregados públicos, aínda non podo precisarlles a data de hoxe porque se está a traballar nelo.

Engade o Sr. Alcalde que, así mesmo, debe resaltarse que o aforro nestes conceptos debe ir destinado, en primeiro lugar a compensar o remanente de tesourería negativo, o que non sucede no noso caso, xa que foi positivo, en segundo lugar iría a amortizar débeda e en terceiro lugar podería destinarse a inversións. No noso caso destinarase a reducir débeda, xa que temos pendente de amortizar en torno a uns douscentos oitenta e catro mil euros de débeda.

Abre de seguido o Sr. Alcalde unha quenda de intervencións, pasándolle a palabra ó grupo municipal do BNG. Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, quen pregunta canto vai supoñer o aforro do persoal do concello. Resposta o Sr. Alcalde que non podo precisarlles a data de hoxe canto vai supoñer o aforro que se vai xerar cos empregados públicos, porque se está traballando nelo para facelo do xeito máis rigoroso e escrupuloso. O que se pretende coa normativa é unha redución do cinco por cento da masa salarial. En todo caso, no vindeiro Pleno, dareilles debida conta.

Intervén de seguido o voceiro do grupo municipal do PP, o Sr. Álvarez Monteserín, quen di que o seu grupo vaise pronunciar a favor xa que é algo que afecta a todos e ó que hai que sumarse.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

### **3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2010.**

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da proposta que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Incoado por orde desta Alcaldía expediente de modificación de crédito (referencia Crédito Extraordinario 01/2010), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención.*

*Visto o Orzamento do Concello de Mesía para o ano 2010.*

*Tendo en conta a inexistencia de crédito destinado á realización de gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, esta Alcaldía somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación de crédito, crédito extraordinario 01/2010 no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2010, financiado integramente con remanente líquido de tesourería destinado a gastos xerais, por importe de 224.685,33 euros, para as seguintes aplicacións orzamentarias, destinos e contías:*

PROXECTO	Aplicación orzamentaria	TOTAL	APORTACIÓN DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL
Reparación Camiño Albixoi-Cova de Vales e outros	4.1037.61	95.550,42€	76.440,34€	19.110,08€
Camiño no Candal (Cabruí)e e outros	4.1038.61	91.949,58€	73.559,66€	18.389,92€
Camiño no Vilar-límite concello e outros	4.1039.61	90.553,11€	-	90.553,11€
Camiño no Castrillón, (Cumbraos) e outros	4.1040.61	96.632,22€	-	96.632,22€

**Segundo.-** *Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*

**Terceiro.-** *O presente expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario 01/2010 entenderase aprobado definitivamente, sen necesidade de novo acordo plenario, si no preceptivo período de exposición pública, non se presentasen alegacións. Se se presentaran, serán resoltas polo Pleno.*

*En Mesía, 8 de xuño de 2010 O ALCALDE, Asdo.- Mariano Iglesias Castro."*

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen di que con cargo ó remanente líquido de tesourería vanse afrontar os catro proxectos de inversión sinalados na proposta, estando os dous primeiros financiados ó 80% pola Deputación da Coruña. En total, 224.685,33 euros. Todos vostedes son coñecedores do mal estado dos nosos viais tras as duras condicións climatolóxicas do pasado inverno, polo que acométese estes arranxos de urxencia. Fomos quen de conseguir da Deputación unha subvención para dous deles, pero os outros dous fanse integramente con fondos propios. Hoxe ninguén da nada, e temos o PEIM aínda sen



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

executar. Estes arranxos non solucionan todos os problemas, pero, a lo menos, mitiga os máis importantes. Temos que ser austeros no gasto, pero tamén temos a obriga de manter as nosas infraestruturas nun estado axeitado.

Toma de seguido a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que imos votar a favor, aínda que é opinable afectar o remanente de tesourería propio de xeito tan importante para estes catro proxectos. Tamén podería haberse actuado noutras zonas do concello.

Toma a palabra de seguido o Sr. Álvarez Monteserín, manifestando que o seu grupo vai votar a favor sen entrar a discutir se estas obras son ou non as máis necesarias.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, agradecendo a colaboración dos grupos e sinalando que todas as parroquias, salvo Bruma, veranse afectadas por algunha actuación das previstas nestes proxectos.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## 4. SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO MESÍA-FRADES I. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da proposta que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO. SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO MESÍA-FRADES I. ACORDOS QUE PROCEDAN*

*Don Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña*

*Vista a Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010*

*PROPOÑO ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar a memoria para a realización do “Obradoiro de Emprego Mesía-Frades I” cun orzamento total de un millón tres mil setecentos noventa e cinco euros con cincuenta céntimos (1.003.795,50 €) e coas especialidades de:*

<i>ESPECIALIDADE</i>	<i>CÓDIGO</i>	<i>N.º DE ALUMNOS</i>	<i>DURACIÓN</i>
<i>Traballador forestal</i>	<i>AAEF10</i>	<i>22</i>	<i>12 meses</i>
<i>Atención sociosanitaria a persoas no domicilio</i>	<i>SSCS0108</i>	<i>23</i>	<i>12 meses</i>



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Segundo.- Admitir ao Concello de Frades como entidade colaboradora no dito obradoiro.*

*Terceiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención económica para a realización do dito obradoiro ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Mesía, 8 de xuño de 2010. Asdo.Mariano Iglesias Castro”*

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que neste Obradoiro de emprego vai haber cinco profesores, catro a xornada completa e cinco a tempo parcial, e vai xerar cincuenta e cinco postos de traballo en un ano. Colabora o concello de Frades, sendo o concello de Mesía o promotor, e quen asume as obrigas financeiras e técnicas, pretendendo ser equitativo con Frades en canto ó número de alumnos. Con esta colaboración pretendemos ter máis posibilidades de que nos outorguen o obradoiro, xa que Frades nunca tivo un, é un concello limítrofe e pertence á mancomunidade. Gustaríame acadar o obradoiro integramente para o noso concello, pero é preferible ter vinte e tres alumnos e non corenta e cinco a que non nos dean nada. Enfócanse ademais as dous ramas profesionais que, polas características do noso concello, poden ter máis saída para a xente despois do obradoiro.

Tanto o Sr. Pedreira como o Sr. Álvarez maniféstanse a favor do acordo, e non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,